

ESPECIALIDADE DE ACORDEÓN

PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL

Criterios de avaliación

- Acadar unha boa postura na colocación do instrumento, o que permitirá controlar os elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación conxunto “corpo-instrumento”.
- Acadar un bo control na produción e calidade do son a través das articulacións dixitais e do fol.
- Coñecer as partes básicas do instrumento.
- Demostrar ter coordinación, independencia, simultaneidade e sincronización dos elementos articulatorios (dedos, mans, antebrazo/fol...), xa sexa mediante exercicios ou pequenas obras no propio instrumento, como con exercicios rítmicos sen instrumento.
- Demostrar ter sensibilidade auditiva, premisa indispensable para acadar unha boa calidade de son.

Listado de obras orientativas

Dependendo do curso ao que se quer acceder, ver as obras orientativas e os criterios mínimos esixibles para unha cualificación positiva do cursto anterior na Programación da especialidade.